



ANPE INFORMA

www.anpegalicia.com

Aclaracións da Consellería:

- Os participantes no concurso xeral de traslados teñen un prazo de 15 días naturais desde a súa publicación no DOG. Sen embargo aconséllase que se solicite o antes posible desde que se coñeza o destino obtido e recórdase igualmente que as solicitudes xa realizadas non teñen que repetirse, xa que os servizos de persoal farán as comprobacións de destinos oportunas.
- Nos casos de parto previsto antes do 31/12/2008 deberá enviarse xunto coa solicitude un xustificante médico indicando a data prevista do parto e para os demais casos con carácter xeral a fotocopia do libro de familia onde apareza o solicitante e os fillos polos que se solicita a comisión de servizos.
- Ademais das funcionarias/os de carreira, tamén poderán solicitar comisións por conciliación da vida familiar e laboral os funcionarios/as en prácticas correspondentes á oposición do ano 2007 (que serán previsiblemente nomeados funcionarios de carreira con efectos do 01/09/2008).
- A solicitude dirixirase ao Secretario xeral da Consellería de Educación en Santiago de Compostela e, despois da revisión das solicitudes, o resultado publicárase na páxina web.
- O/A solicitante cubrirá as localidades que solicita. Posteriormente deberán solicitarse, no caso de reunir os requisitos e ter concedida a comisión, os centros ou localidades mediante a aplicación informática que se habilitará e anunciará no seu momento.